

ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

CALQUERA ACTIVIDADE ECONÓMICA, EMPRESARIAL, PROFESIONAL, INDUSTRIAL OU COMERCIAL EXCEPTO:

- a) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- c) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- d) A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal.
- e) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.
- f) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización.

OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

OBRAS QUE ACONDICIONAN UN LOCAL PARA O EXERCICIO DUNHA ACTIVIDADE mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a redistribución do seu espazo interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas do edificio, as instalacións xerais ou estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio, **EXCEPTO :**

- a) Locais en edificios incluídos no catálogo do Plan Xeral vixente ou calquera outro catálogo ou declarados BIC.
- b) Obras que de conformidade co artigo 194.2 da LOUGA estean suxeitas a licenza municipal previa.